



INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS FORMULADAS AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA E REGULA O OBSERVATORIO AUTONÓMICO DOS RÍOS DE GALICIA.

I. Información pública e trámite de audiencia. Alegacións.

O 11 de maio de 2017, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, acordou en base ao artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, autorizar o procedemento para iniciar a tramitación do anteproxecto de Decreto polo que se crea e regula o Observatorio autónomico dos Ríos de Galicia.

Neste sentido e de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo Goberno e da Lei 27/2006, de 18 de julio, pola que se regula os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, este proxecto de decreto estivo a disposición do público interesado no portal de transparencia da Xunta de Galicia desde o día 08/06/2017 ata o día 05/07/2017. Neste sentido, consta Certificado emitido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 07/07/2017, que sinala que *"Para este proxecto recibíronse 6 suxestións a través do formulario dispoñible no propio portal da Transparencia e Goberno aberto"*.

Igualmente, a Secretaría Xeral Técnica desta Consellería co obxecto de dar cumprimento ao trámite de audiencia previsto no artigo 42.3 da Lei 16/2010 ten remitido o 07/06/17 o proxecto de decreto ás distintas consellerías e entidades que podían resultar interesadas no mesmo.

Ao respecto, reproducense a continuación as alegacións recibidas das que, pola protección de datos de carácter personal, se omite a referencia ás persoas físicas ou xurídicas que as formulan, recollendo só o escrito de alegacións, a data e o seu contido:

1º. Escrito do 26 de xuño de 2017, no que se formula a seguinte observación: *"No referente á composición do Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia (artigo 5-9 do proxecto de decreto), votamos en falta na súa composición ás organizacións sindicais e empresariais intersectoriais no ámbito de Galicia, en base á Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia"*.

2º. Escrito do 30 de xuño de 2017, no que logo de referir a composición do Observatorio e a relevancia social das materias e funcións adxudicadas ao mesmo (exposición de motivos, artigos 2.1 e 4.3), invoca a Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, como mecanismo xurídico, para sinalar que o Observatorio Autónomico do Ríos de Galicia debe adaptar a súa composición ao establecido na Lei 17/2008, do 29 de decembro. En consecuencia, solicita a adaptación da norma proxectada ás previsións da Lei 17/2008, do 29 de decembro e, no caso concreto das organizacións empresariais, esta adaptación implicará engadir unha nova letra ao artigo 9.1, na que se establezan como



mínimo tres persoas en representación das organizacións empresariais intersectoriais mais representativas de Galicia.

3º. Escrito do 4 de xullo de 2017, que sinala que os propietarios forestais galegos están comprometidos coas directrices da xestión forestal sostible na que se presta unha especial atención á biodiversidade e á saúde dos ecosistemas. Neste sentido, solicita que na composición do Observatorio se inclúan dous vogais en representación dos propietarios forestais galegos, dada a incidencia que ten a xestión dos bosques no mantemento das canles, na calidade das augas e no mantemento da biodiversidade dos ríos de Galicia.

4º. Correo electrónico do 16 de xuño de 2017, que lembra que é preceptivo solicitar informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, en cumprimento do artigo 42.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro

5º. Correo electrónico do 26 de xuño de 2017, se informa que non se fan alegacións á dita disposición.

6º. Correo electrónico do 23 de xuño de 2017, no que se formulan os seguintes comentarios ao proxecto de decreto:

. Innecesariedade. A Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia crea, no seu artigo 28 o Consello Galego de Medio Ambiente, como órgano consultivo da Administración ambiental, actualmente regulado polo Decreto 74/2006, do 30 de marzo. A exposición de motivos deste proxecto de decreto sinala que o obxectivo deste Observatorio é responder á necesidade de recoñecemento e protección do enorme valor patrimonial tanto social como ambiental desta riqueza hidrográfica, sinalando como causas de degradación e diminución da biodiversidade as infraestruturas, a construción, a contaminación e a introdución de especies non nativas. A tal efecto, sinala que sendo os ríos unha parte esencial do medio ambiente e dado o obxectivo deste Observatorio, non se entende a necesidade de creación do mesmo, podendo artellar como unha comisión de traballo dentro do seo do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sinalando que a creación deste Observatorio non está previsto na Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.

Incompetencia. O artigo 4 recolle as funcións do Observatorio que non só serían consultivas senón tamén executivas e, entre as funcións, o apartado 3 recolle a de promover e elaborar plans directores para os ríos galegos, sinalando que pode invadir o ámbito competencial doutras administracións. Neste sentido, alega que o tema da auga, das zonas inundables e a súa xestión, corresponde ao organismo de conca que dependen (salvo Augas de Galicia) do Ministerio de Medio Ambiente, polo que parece mais lóxico empregar algunha das figuras de cooperación inter administracións reguladas nos artigos 145 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que regular unha das administracións implicadas unilateralmente competencias que cando menos son compartidas.

Discriminatorio. Contrariamente ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este Observatorio carece de representantes empresariais, sindicais e sociais. A exposición de motivos e o artigo 4.3 recoñecen a importancia económica dos ríos e o seu entorno onde ubica, non só poboacionais, senón tamén



actividades económicas de elevada relevancia como os balnearios ou as actividades extractivas, destacando tamén como fonte renovable de xeración de electricidade. A planificación que desde este Observatorio se realice influirá de xeito crítico nas actividades económicas que se desenvolvan tanto nos ríos como no seu entorno, polo que debería incluírse entre os vogais do Observatorio, polo menos, un representante da Administración con competencia en minería e outro representante da administración con competencias en enerxía.

Contrariamente á importancia socioeconómica dos ríos non se inclúe ningún representante das actividades económicas vencelladas aos ríos, polo que dificilmente se cumprirá coa función establecida no artigo 4.5 de posta en valor dos ríos ou mesmo coa funcións sinalada no artigo 4.6

Finalmente refírese o disposto no artigo 4 da Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais mais representativas, para concluír que deberían incluírse como vogais do Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia aos representantes das organizacións sindicais e empresariais nos termos sinalados na lei.

7º. Escrito do 26 de xuño de 2017, que sinala que esta Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada no Rexistro Xeral de Asociacións de Galicia, cuxo fin estatutario entre outros é o de *"Fomentar a conservación e adecuada xestión dos ecosistemas acuáticos continentais e promover o desenvolvemento, a difusión e a transferencia do coñecemento ao sector implicado no goberno dos ecosistemas acuáticos continentais"*. A tal efecto solicita, que polo seu especial vencellamento con esta actividade e a especialización e o coñecemento que os seus membros teñen sobre os ríos de Galicia, se teña en consideración incluír un representante da dita Asociación no futuro Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia, na consideración que tal incorporación redundará moi positivamente no desenvolvemento das funcións dese organismo.

8º. Escrito do 5 de xullo de 2017, no que se formulan as seguintes alegacións

. O aproveitamento das augas minerais e termais está regulado pola Lei 22/1973, do 21 de xullo e pola Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo o órgano competente nesta materia a administración mineira e que os efluentes resultantes destes aproveitamentos constitúen posibles aportes aos ríos.

. A planificación hidrolóxica das catro demarcacións hidrográficas que afectan á Comunidade Autónoma de Galicia, aprobadas por Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro e Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, sinalan o sector mineiro como un axente importante a considerar na dita planificación. Ademais de sinalar a importancia socio económica do sector mineiro, debe resaltarse o seu papel na xestión das augas, ben como consumidor ou como provedor, no caso da reutilización da auga de achique de minas, así como xerador de infraestruturas que axudan á correcta xestión da auga, como por exemplo o lago mineiro de Meirama que servirá de depósito regulador do abastecemento público á cidade da Coruña.



. A Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia crea, no seu artigo 28, o Consello Galego de Medio Ambiente, como órgano consultivo da Administración ambiental. Con posterioridade, aprobouse o Decreto 155/1995, do 3 de xuño, no que se regulaba o dito órgano e en posteriores decretos foi adaptándose ás variacións da estrutura administrativa da Xunta de Galicia. Actualmente regulado polo Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Sinala a exposición de motivos do proxecto de decreto que o obxectivo do observatorio autonómico dos Ríos de Galicia é responder á *necesidade de recoñecemento e protección do enorme valor patrimonial tanto social como ambiental desta riqueza hidrográfica, así como, a importancia que teñen a conservación tanto da flora como da fauna que dependen deles para a súa supervivencia*. Sinalando entre as causas de degradación e diminución da biodiversidade as infraestruturas, as construcións, a contaminación e a introdución de especies non nativas.

Sendo os ríos, unha parte esencial do medio ambiente e dado o obxectivo deste Observatorio, non se entende a necesidade de creación do mesmo, podéndose artellar como unha comisión de traballo dentro do seo do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible. Compre sinalar que a Lei 5/2006, de 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos, non prevé a creación dun observatorio autonómico dos Ríos de Galicia.

. Entre as funcións do Observatorio inclúense algunha de carácter executivo, e non só de carácter consultivo. O art. 4.3 recolle como unha función deste observatorio *"Promover e elaborar plans directores para os ríos galegos..."* podendo invadir o ámbito competencial doutras administracións.

O tema de auga, das zonas inundables e a súa xestión, corresponde aos organismos de conca que dependen (salvo Augas de Galicia), do Ministerio de Medio Ambiente. Neste sentido, alega que parece máis lóxico utilizar algunha das figuras de cooperación inter administracións reguladas nos artigos 145 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que regular unha das administracións implicadas, unilateralmente, competencias que, cando menos, son compartidas.

. Contrariamente ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible, este Observatorio carece de representantes empresariais, sindicais e sociais. Como se sinalou anteriormente, o artigo 4.3 establece entre as funcións do Observatorio: *"Promover e elaborar plans para os ríos galegos nos que se recollan as políticas autonómicas en torno á promoción e valorización dos ríos como elementos destacados do patrimonio natural, económico e social galego."*

Ao igual que na exposición de motivos, recoñecese a importancia económica dos ríos e o seu entorno onde se ubican, non so poboacións, se non tamén actividades económicas de elevada relevancia como os balnearios ou as actividades extractivas. Pero tamén os ríos representan un fonte renovable de xeración de electricidade. A planificación que desde este observatorio se realice influirá de xeito crítico nas actividades económicas que se desenvolven tanto nos ríos como no seu entorno, que xeran emprego e riqueza no rural, e non só nas actividades de lecer, como a pesca fluvial. Por tal motivo debería incluírse entre os vogais do Observatorio, a lo menos, un representante da Administración



con competencias en minaría e outro representante da administración con competencias en enerxía.

Contrariamente á importancia socio económica dos ríos non se inclúe ningún representante das actividades económicas vencelladas aos ríos. Dificilmente cumprirase coa función establecida no artigo 4.5 de posta en valor dos ríos, así como de colaboración entre as institucións implicadas, se non se inclúen representantes das actividades que tamén poñen en valor os nosos ríos, ademais do valor turístico.

E de ningún xeito, a composición proposta do Observatorio, pode cumprir coa función sinalada no artigo 4.6 *“Actuar como foro de encontro interdisciplinar entre organismos públicos e a sociedade civil e do coñecemento”*, estando a sociedade civil claramente ausente. No tócate ao ámbito mineiro debería incluírse entre os vogais do Observatorio, a lo menos, un representante da Cámara Oficial Mineira de Galicia, como órgano consultivo da administración e representante formal do sector mineiro en xeral.

. O artigo 4 da Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia sinala:

“Contido da participación institucional.

1. A participación institucional poderase facer efectiva a través da presenza da representación das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas en consellos ou órganos semellantes de dirección, participación, consultivos ou de asesoramento, nos órganos e nas institucións de participación ou en mesas ou foros específicos de negociación ou concertación socioeconómica, de acordo coas previsións que se determinan na normativa reguladora ou de creación de cada entidade pública ou organismo autónomo.

2. Esta participación tamén se fará efectiva na elaboración dos seguintes instrumentos de planificación da Xunta de Galicia:

-Plans de desenvolvemento rexional.

-Plans xerais de actuación sobre emprego e formación profesional.

-Plans xerais de actuación sobre o desenvolvemento empresarial e industrial.

-Plans xerais de actuación social e sanitaria, así como en calquera outro instrumento de planificación socioeconómica que, pola súa relevancia, sexa necesario someter a concertación social.”

Por tanto deberían incluírse como vogais do Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia os representantes das organizacións sindicais e empresariais nos termos sinalados na Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia. En base ao anterior solicita que no caso de que se cree o Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia, que considera innecesaria dado que se pode encadar no Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, se inclúan entre os seus membros a representantes da Administración con competencias en minaría e en enerxía, á Cámara Oficial Mineira de Galicia como corporación de dereito público e representante formal do sector mineiro en xeral e a representantes das organizacións sindicais e empresarias relacionadas co sector mineiro, en virtude da Lei 17/2008, do 29 de decembro.



9º. Escrito do 4 de xullo de 2017, no que se formulan as mesmas consideracións que no escrito de alegacións do 5 de xullo de 2017, antes referido e solicita que no caso de que se cree o Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia, que considera innecesaria dado que se pode encadar no Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, se inclúan entre os seus membros a representantes das Administracións con competencias en minaría e enerxía, á Cámara Oficial Mineira de Galicia como corporación de dereito público e representante formal do sector mineiro en xeral e a representantes das organizacións sindicais e empresarias relacionadas co sector mineiro, en virtude da Lei 17/2008, do 29 de decembro.

10º. Catro escritos do 5 de xullo de 2017, nos que ou ben formulan os mesmos comentarios e solicitudes ao proxecto de decreto que os sinalados no escrito anterior ou ben sinala as mesmas consideracións que outra das entidades alegantes e solicita que no caso de que se cree o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia, que considera innecesaria dado que se pode encadar no Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, se inclúan entre os seus membros a representantes das Administracións con competencias en mineiría e en enerxía e a representantes das organizacións sindicais e empresarias relacionadas co sector mineiro, en virtude da Lei 17/2008, do 29 de decembro.

II. Resumo de alegacións. Valoracións:

1. Inclusión de representantes das organizacións sindicais e empresariais.

Esta solicitude foi formalizada por distintos alegantes, invocando ao respecto a Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais mais representativas.

O artigo 1 da Lei 17/2008, do 29 de decembro (DOG 17/01/2009) dispón que esta lei ten por obxecto a a regulación do marco da participación institucional das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais galegas máis representativas en entidades públicas e organismos públicos integrados na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan atribuídas competencias en materias laborais, sociais e económicas, que afecten aos intereses económicos e sociais de traballadores e traballadoras e do empresariado.

Esta participación institucional, segundo o disposto seu artigo 3, é aplicable respecto dos órganos de asesoramento e participación, e nos termos nos que a normativa específica de cada entidade ou organismo público así o estableza, en concreto, nas Entidades e organismos públicos integrados na Administración da Xunta de Galicia que teñan atribuídas competencias en materias de carácter laboral, social ou económico ou en materias socioeconómicas e de fomento do desenvolvemento económico e social da autonomía galega.

É evidente que o Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia se configura como un órgano colexiado de carácter consultivo ao que se lle atribúe o asesoramento sobre o estado ambiental, económico social e cultural dos ríos da Comunidade Autónoma de Galicia (artigos 1 e 2), o que pon de manifesto a necesidade de estimar esta alegación e, en consecuencia, posibilitar a participación institucional das organizacións sindicais e



empresariais mais representativos de Galicia no Observatorio autonómico. Polo exposto, procede modificar o artigo 9."Vogais" deste proxecto de decreto e dar entrada a representantes destas organizacións, engadindo dúas letras novas (unha letra ll) e outra m)).

Esta modificación conleva igualmente a necesidade de modificar o disposto no artigo 5."Composición", parágrafo 1, letra d), deste proxecto de decreto.

2. Inclusión doutros representantes de distintos sectores e asociacións.

Noutras das alegacións formuladas se solicita ter representación no Observatorio.

Esta alegación debe ser desestimada. O Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia concíbese como un órgano colexiado, adscrito á Consellería competente en materia de medio ambiente, ao que corresponde o asesoramento sobre o estado ambiental, económico social e cultural dos ríos de Galicia, en cuxa composición xa está integrada e garantida, entre outros (no artigo 4 relativo ás vogalías) unha representación proporcional dos distintos departamentos autonómicos cuxas competencias sectoriais teñen unha especial incidencia en materia hidrográfica.

Esta mesma composición multisectorial do Observatorio recollido neste artigo 9 do proxecto de decreto desbota as solicitudes formuladas pou outras asociacións para ter unha representación neste órgano colexiado, ao estar xa garantida a dita representación conforme á composición multisectorial anteriormente sinalada.

3. Necesidade de Informe de orzamentos.

Outra das alegacións sinala a necesidade de solicitar o Informe preceptivo da dirección xeral competente en materia de orzamentos. É evidente que esta consellería cumprimentará coa dita obriga logo de rematar con esta fase de información pública e audiencia aos interesados, nos termos previstos no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

4. Innecesariedade, Incompetencia e Discriminatorio.

Neste apartado se valoran as alegacións formuladas por distintos alegantes, de xeito que son valoradas dun xeito conxunto.

4.1. A Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, do protección do medio ambiente de Galicia (DOG nº 29, do 10/02/1995) dispón no seu artigo 28 que co fin de cumprir o principio de participación pública e de establecer unha vía de participación dos estamentos interesados da sociedade galega e da súa comunidade científica, se crea, como órgano consultivo da Administración ambiental, o Consello Galego de Medio Ambiente, sinalando que a súa organización, composición, funcionamento e réxime xurídico, así como o carácter dos seus informes, se determinarán regulamentariamente. Neste sentido e como acertadamente sinalan os alegantes, a regulación inicial do Consello Galego de Medio Ambiente formalizouse a través do Decreto 155/1995, do 3 de xuño, que resultou



derogado con posterioridade polo Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Neste sentido, o artigo 1 deste decreto ao definir ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o define como o órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da Consellería de Medio Ambiente en relación cos plans, proxectos e actuacións que teñan incidencia sobre a sostibilidade, tendo entre os seus fins o servir de foro de debate aos efectos de dar cumprimento ao principio de participación pública, establecendo unha vía de cooperación dos estamentos interesados da sociedade galega.

É evidente, que este Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible se configura como un órgano colexiado de consulta e asesoramento no relativo a plans, proxectos e actuacións, feito que non coincide co obxecto e fin do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia ("*...asesoramento sobre o estado ambiental, económico-social e cultural dos ríos da Comunidade Autónoma de Galicia, a elaboración de informes e estudos e a diagnose e proposta de medidas que axuden a definir as distintas políticas autonómicas de posta en valos dos ecosistemas fluviais de Galicia*", recollido no artigo 2 e mesmo coas funcións do Observatorio taxadas no artigo 4 deste proxecto de decreto).

Á marxe do anterior, procede remitirnos ao xa apuntado na mesma parte expositiva deste proxecto de decreto, onde se xustifica coa debida suficiencia a creación deste órgano colexiado, dada a especial vinculación de Galicia coa riqueza hidrográfica presente no seu territorio e a especial incidencia da mesma no seu acontecer histórico.

4.2. Sinala que o artigo 4.3 recolle como función deste Observatorio a de promover e elaborar plans directores para os ríos galegos, o que pode supor unha invasión do ámbito competencial doutras administracións. Esta alegación debe ser igualmente desestimada:

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, dispón no seu artigo 27, que no marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

"...15. A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre.

...30. Normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 140.1.23". Neste mesmo sentido, o artigo 149.1.23 da Constitución Española dispón que o "Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias:.....23º. Lexislación básica sobre protección do ambiente sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección..."

En base a estas competencias, a Comunidade Autónoma de Galicia, a instancia da consellería competente en materia de medio ambiente, ten aprobado entre outras e polo



que aquí interesa, determinadas disposicións de especial transcendencia para os ríos de Galicia:

. A **Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial**, cuxo obxecto é regular a conservación, fomento e o ordeado aproveitamento das poboacións piscícolas e doutros seres vivos que habitan nas augas continentais da comunidade Autónoma de Galicia e que se aplica a todas os ríos de Galicia. Esta lei non só procede á regulación da actividade de pesca fluvial, senón que desde a procura do ben xurídico protexido desta disposición (protección da riqueza ictícola) regula igualmente aspectos colaterais de especial incidencia na mesma: repoboacións de vexetación nas marxes e alveos, obstáculos naturais, aproveitamentos hidráulicos, pasos e escalas, contaminación das augas,...

. A **Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia** cuxo obxecto, entre outros, é regular a organización e funcionamento da Administración hidráulica de Galicia, ordear o ciclo integral da auga de uso urbano e establecer as bases para unha xestión eficiente dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, regular as bases do exercicio da planificación hidrolóxica en Galicia e establecer o réxime económico-financeiro da auga en Galicia e de preservar, protexer e mellorar o recurso e o medio hídrico. Esta lei refire expresamente a competencia exclusiva desta comunidade respecto ás augas incluídas nas concas hidrográficas intracomunitarias e con relación ás augas incluídas nas concas hidrográficas intercomunitarias atribúelle, entre outras, a adopción de medidas adicionais de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e as facultades de policía do dominio público que lle atribúa a lexislación estatal (artigo 4).

Conforme co exposto, a función atribuída ao Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia no artigo 4, punto 3, consistente na promoción e elaboración dos plans directores para os ríos galegos, entendidos como documentos “nos que se recollan as políticas autonómicas en torno á promoción e valorización dos ríos como elementos destacados do patrimonio natural, económico e social galego” é unha función acorde co ámbito competencial desta Comunidade Autónoma e non lesiona o ámbito competencial doutras Administracións.

En consecuencia, este proxecto de decreto polo que se aproba o Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia non só é acorde co ámbito competencial referido, senón que a maiores se configura como un decreto de carácter organizativo (e como tal, competencia exclusiva da comunidade autónoma de Galicia, conforme co artigo 148.1.1º da Constitución Española). Neste sentido, este decreto procede a creación dun órgano colexiado cunhas funcións de asesoramento sobre o estado ambiental, económico social e cultural dos ríos de Galicia (funcións meramente de asesoramento nas ditas materias e non funcións de carácter executivo), que entendemos se acomoda ao eido competencial exposto, ao tempo que se garanta a debida participación de todas as Confederacións hidrográficas presentes en Galicia, ao atribuír un representante por conca hidrográfica.

4.3. A alegación relativa á discriminación se motiva no feito de non ter presenza no Observatorio as organizacións sindicais e empresariais, nin as Administracións



competentes en materia de enerxía e minas. Esta alegación debe ser estimada parcialmente, en base ao xa valorado con anterioridade, ou sexa, estimar no relativo á necesidade de dar cumprimento á Lei 17/2008, do 28 de decembro, de participación sinistitucional das organizacións sindicais e empresariais (aceptando modificar a composición do Observatorio en tal sentido) e desestimar a solicitude relativas á presenza no Observatorio doutros representantes sectoriais, xa valorada con anterioridade.

5. Órganos de cooperación. Outra das alegacións neste procedemento é a relativa a oportunidade de empregar algunha das figuras de cooperación inter administracións reguladas nos artigos 145 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Esta alegación debe ser desestimada, xa que logo, estimase a oportunidade e suficiencia deste órgano colexiado adscrito á consellería competente en materia de medio ambiente para conquistar os obxectivos e finalidades previstas neste decreto, o que xustifica a innecesariedade de acudir aos mecanismos de cooperación previstos no artigo 145 e seguintes da dita lei. Conforme quedou sinalado, a creación deste órgano colexiado reponde á necesidades organizativas da consellería competente en materia de medio ambiente, acorde co ámbito competencial correspondente a esta Administración autonómica, ao tempo que está a garantir a participación dos distintos sectores implicados, entre outros, das distintas Demarcacións hidrográficas existentes en Galicia.

6. Inexistencia deste órgano en norma con rango de lei. Neste sentido, se sinala que a Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galego, non prevé a creación do Observatorio autonómico dos Ríos de Galicia. Esta alegación debe ser desestimada, desde a premisa de tratarse dun decreto de carácter organizativo, consistente na creación e regulación dun órgano colexiado nos termos previstos nos artigos 14 ao 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (capítulo II do Título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro), que non require dunha disposición de rango legal que así o prevea.

